

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 27 de xullo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a empresas turísticas para o fomento do turismo no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.*

Cara á mellora da competitividade da empresa turística galega, cómpre incentivar a creación de novos produtos que complementen a oferta tradicional.

Galicia, pola súa particular e accidentada articulación xeográfica na que nun mesmo día se pode gozar de miles de quilómetros de costa, sexa de ría ou mar aberto, como de senlleiras paisaxes de montaña, é un lugar único e propicio para o desenvolvemento de todo tipo de actividades deportivas ou de lecer (golf, sendeirismo, deportes de aventura, deportes náuticos, etc...).

O medio rural é, polas súas características, idóneo para levar a cabo actividades na natureza que contribúan a desestacionalizar os períodos de descanso e vacacionais e, pola súa vez, dar a coñecer novos lugares e localidades da nosa comunidade.

Un dos elementos diferenciadores do turismo en Galicia é a procura de obxectivos comúns e a colaboración entre a Administración e a empresa privada cara a aunar esforzos e multiplicar éxitos. O turismo é un sector vivo que evoluciona ao mesmo ritmo que o fai a sociedade e a economía. As administracións públicas, polo tanto, deben facer fronte aos retos que van xurdindo en cada momento dentro duns parámetros de calidade e sustentabilidade.

Dentro deste marco de implementación de novas accións no sector turístico, procede arbitrar liñas de axuda para incentivar as actuacións dos axentes que actúan neste sector en Galicia.

Así, con cargo aos créditos orzamentarios da Consellería de Innovación e Industria asignados para esta finalidade, con base no establecido sobre medidas de fomento nos artigos 73 e 74 da Lei 9/1997, do 21 de agosto, de ordenación e promoción do turismo, e de acordo co determinado no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, convócanse axudas para o fomento do turismo no medio rural. Por iso, no uso das facultades que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e investimento subvencionable.

1. É obxecto desta orde establecer as bases reguladoras e convocar para o ano 2006 subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar

as accións encamiñadas a desenvolver investimentos ou actividades turísticas no medio rural así como a adquisición dos elementos necesarios para o seu desenvolvemento.

2. Para os efectos desta orde considérase investimento subvencionable a realización das seguintes actuacións :

-Acondicionamento, mellora ou sinalización de rutas turísticas de base patrimonial ou natural.

-Acondicionamento, mellora ou sinalización de rutas de sendeirismo a pé ou a cabalo.

-Creación e comercialización de paquetes turísticos no medio rural.

-Utilización de novas tecnoloxías na promoción do medio rural.

-Infraestruturas necesarias para a realización de actividades hípicas.

-Infraestruturas necesarias para a realización de campamentos de verán.

-Creación ou mellora de campos de golf.

-Infraestruturas necesarias para a realización de actividades ou deportes náuticos e fluviais.

-Infraestruturas necesarias para a realización de deportes de aventura.

-Actividades no ambiente (acondicionamento de espazos para visitar, actuación de sinalización, etc...).

-Etc...

3. Non serán subvencionables, de acordo co disposto no artigo 31.8º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ningún tipo de imposto, taxa ou prezo público.

4. A subcontratación de actividades subvencionadas realizarase de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2º.-Determinacións orzamentarias e contía das axudas.

1. As ditas axudas, que se rexen polos principios de publicidade, concorrencia competitiva e obxectividade, imputaranse á aplicación orzamentaria 10.06.651A.770.0 para as que se destina un crédito máximo de 2.909.000 euros distribuídos en dúas anualidades, no ano 2006, 1.532.000 euros e o no ano 2007, 1.377.000 euros.

O importe total da subvención distribuirase en dúas anualidades en relación coa execución do investimento subvencionado.

Poderán acollerse a esta orde os investimentos que se describen no seu artigo 1º.2 sempre que se rea-

licen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2006 e a data de xustificación dos investimentos establecida no artigo 7º.

O importe do crédito máximo sinalado poderá incrementarse en función das solicitudes presentadas e de acordo coas disponibilidades orzamentarias.

2. Os expedientes que representen gastos plurianuais deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

3. Os proxectos que se recollen nesta orde como accións subvencionables poderán acadar unha axuda económica de ata un 25% do investimento subvencionable cun importe máximo de 90.000 euros.

Nestas axudas é posible a concorrencia con calquera outra para o mesmo obxecto e finalidade pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superen a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente estea establecida.

#### Artigo 3º.-Requisitos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das subvencións para o desenvolvemento de investimentos ou actividades turísticas no medio rural as persoas físicas ou xurídicas dedicadas a ofrecer a realización e práctica de actividades lúdicas ou deportivas no medio rural.

De ser o caso, e segundo a natureza do investimento ou actividade proxectados, deberá posuírse a titularidade ou a disposición dos espazos onde se pretenda desenvolver a actuación subvencionable.

Será requisito imprescindible, para a concesión destas subvencións, a inscrición previa das empresas beneficiarias no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.

#### Artigo 4º.-Obrigas dos solicitantes.

Os solicitantes das subvencións adquiren os seguintes compromisos e obrigas:

1. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Innovación e Industria e ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas.

2. Comunicarlle á Consellería de Innovación e Industria a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

3. Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención sen que proceda cambio ou modificación ningunha da actividade para a que se concedeu.

4. Manter a actuación obxecto de subvención durante un período mínimo de 5 anos desde o inicio da actividade.

5. Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade subvencionada, así como o cumprimento dos requisitos exixidos e condicións que determinen a concesión ou o goce da axuda.

6. A reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido da subvención concedida así como os correspondentes xuros de mora devengados desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

\* Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.

\* Por incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos prazos e termos establecidos nesta orde.

\* Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

\* Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a subvención.

\* Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera administración ou ente público ou privado.

#### Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. As solicitudes de subvención, xunto coa documentación que a continuación se especifica, presentaranse, por duplicado exemplar, na Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria correspondente á provincia onde se atope o establecemento ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, no prazo de 1 mes desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*:

a) Solicitud segundo o modelo do anexo I.

b) Copia cotexada do DNI e do NIF do solicitante ou do CIF cando corresponda.

c) De ser o caso, título acreditativo da propiedade ou disposición dos espazos ou terreos onde se vai realizar a actividade.

d) Proxecto ou memoria descritiva da actuación que se vai subvencionar con inclusión de:

1. Achega de datos, se dispón deles, de caracterización turística: frecuentación de turistas, número e situación de hoteis ou outro tipo de aloxamentos, etc...

2. Descrición do lugar de actuación, localización e parámetros físicos.

3. Orzamento e prazo de execución da actuación que se vai levar a cabo.

4. Obxectivos da actuación dirixidos ao acondicionamento do lugar de que se trate.

5. Cando as actuacións que se procuren levar a cabo teñan a consideración de edificación e se requira proxecto segundo a normativa aplicable (Lei 38/1999, de ordenación da edificación), achegarase proxecto básico asinado polo técnico competente e visado no colexio correspondente para a súa avaliación.

Enténdese que teñen a consideración de edificación e requiren proxecto as obras seguintes:

5.1. Obras de edificación de nova construción, agás aquelas de escasa entidade e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nun só andar.

5.2. Obras de ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación que alteren a configuración arquitectónica dos edificios, considerándose tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial do sistema estrutural, así como as que teñan por obxecto cambiar os usos turísticos do edificio.

5.3. Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico artístico regulada a través de norma legal ou documento urbanístico, así como aquelas que afecten os elementos ou partes obxecto de protección.

5.4. Considéranse comprendidas na edificación as súas instalacións fixas e o equipamento propio, así como os elementos de urbanización que estean adscritos ao edificio.

e) Cando se trate de obras ou actuacións urbanísticas deberá presentarse licenza municipal que posibilite a execución do investimento para o que se solicita a subvención. No caso de carecer dela no momento de realizar a solicitude de subvención, presentarase informe urbanístico emitido polo concello mediante certificación do secretario, onde especificamente se determine se a execución do proxecto para o que se solicita subvención é conforme coa legalidade urbanística vixente. Coa primeira solicitude de pagamento será obrigatoria a presentación da antedita licenza urbanística.

f) Para os proxectos promovidos por persoas xurídicas achegarase copia cotexada dos seus estatutos, nos que se indicará, con dilixencia do seu secretario, que estes son os vixentes.

g) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a actividade obxecto desta orde polas distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

h) Certificados expedidos polos organismos competentes acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da comunidade autónoma, así como nas obrigas coa Seguridade Social, e de non ter ningunha débeda pendente por ningún concepto con ningunha Administración pública.

Non obstante, a presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

2. Os interesados emendarán os defectos das solicitudes de subvención que o precisen, segundo o sinalado no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de non facelo, teranse por desistidos na súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

3. As compulsas que procedan para toda a documentación que se especifica nesta orde faranse nos correspondentes servizos centrais ou provinciais da Consellería de Innovación e Industria.

Artigo 6º.-Selección das solicitudes e resolución.

As solicitudes, ás que se xuntará un informe emitido pola Delegación Provincial de Turismo e no que se deberá indicar as faltas de adaptación do establecemento para o que se solicita subvención á normativa de ordenación, a súa data de autorización, así como un informe de valoración do investimento, serán estudadas por unha comisión técnica de valoración constituída polo titular da Subdirección Xeral de Fomento e Cooperación, que a presidirá, actuando como vogais os xefes do Servizo de Turismo de cada unha das delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria e os xefes de servizo de Fomento e Promoción, de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística de Inspección e de Ordenación do Turismo da Dirección Xeral de Turismo e un representante da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader). Exercerá as funcións de secretario da comisión o antedito xefe do Servizo de Fomento e Promoción.

1. Para a valoración das solicitudes teranse en conta en orde decrecente os seguintes criterios:

1º A localización do investimento atendendo á súa situación, e para isto terase en conta: a localización

en áreas rurais con tendencia á despoboación; zonas costeiras; o interese do espazo en relación a figuras de protección ambiental.

2º Análise do destino en relación coa calidade dos accesos, coas infraestruturas básicas e coa oferta de servizos de utilización turística.

3º A orixinalidade da proposta.

4º A capacidade de creación de emprego, custo do posto de traballo e contribución á economía local.

5º A complementariedade coa oferta de turismo local xa existente.

6º O emprego de novas tecnoloxías e enerxías respectuosas co ambiente.

2. Esta comisión, á vista dos expedientes e dos informes que, se é o caso, considere necesarios, analizará e cualificará os proxectos e, tendo en conta as disponibilidades orzamentarias, formularalle ao conselleiro de Innovación e Industria a través do director xeral de Turismo as propostas de concesión ou denegación adoptados por esta. Das ditas propostas redactarase a correspondente acta.

3. O conselleiro de Innovación e Industria ditará as resolucións de concesión ou, de ser o caso, de denegación das subvencións. Contra as ditas resolucións, que esgotan a vía administrativa, poderá o interesado interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o titular desta Consellería de Innovación e Industria no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados ambos os prazos desde o día seguinte ao da recepción da notificación das ditas resolucións.

A resolución de concesión determinará o importe da subvención concedida, con cargo ás disposicións orzamentarias determinadas nesta orde.

4. Modificación da resolución. Segundo o artigo 12 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia:

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Cando, por circunstancias técnicas, se varíe o contido específico dos investimentos ou actuacións recollidas no proxecto inicial e as ditas variacións incidan no investimento subvencionable, o órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario/a, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade desta orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros e terceiras.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

Por outra banda, o beneficiario deberá solicitar a modificación con tempo suficiente para a súa avaliación antes do desenvolvemento do proxecto.

A conformidade expresa da Consellería de Innovación e Industria ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da Dirección Xeral de Turismo.

5. Entenderanse desestimadas as solicitudes sobre as que non recaese resolución expresa no prazo de seis meses contados desde a data de publicación da orde.

Artigo 7º.-Xustificación e pagamento das subvencións.

1. Os beneficiarios de subvencións concedidas en virtude desta orde terán como data límite para a presentación de xustificación do investimento executado:

\* Anualidade 2006: 30 de novembro de 2006.

\* Anualidade 2007: 1 de outubro de 2007.

2. O investimento xustificado deberá coincidir coa resolución de concesión da subvención ou coas modificacións autorizadas. Se o investimento xustificado fose menor, e sempre mantendo os fins para os que se concedeu a subvención, esta reducirase proporcionalmente ao investimento non xustificado.

De non xustificarse total ou parcialmente o investimento executado correspondente á primeira anualidade, quedará anulada toda a subvención.

De non xustificarse total ou parcialmente o investimento executado nos prazos indicados, anularase a subvención correspondente á dita anualidade, salvo que o executado non cumprise o fin para o que se concedeu a subvención, neste caso quedaría anulada na súa totalidade.

De ter xustificado a totalidade do investimento subvencionado antes da derradeira anualidade, deberá, non obstante, solicitarse o pagamento da subvención coa correspondente documentación exixida na orde nas datas indicadas.

3. Para percibir a subvención, os beneficiarios remitiranlle á Dirección Xeral de Turismo, por triplicado exemplar, a seguinte documentación:

3.1. Solicitude de cobramento segundo o modelo do anexo II.

3.2. Facturas relativas ao investimento executado.

3.3. Xustificantes do pagamento, mediante transferencia bancaria, das facturas presentadas. O importe reflectido na certificación de obra debe coincidir co xustificado coas ditas facturas.

3.4. Certificados expedidos polos organismos competentes acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da comunidade autónoma así como nas obrigas coa Seguridade Social e de non ter ningunha débeda pendente, por ningún concepto, con ningunha Administración pública.

Non obstante, a presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

3.5. Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

3.6. Certificación da entidade bancaria acreditativa do número de conta e do CIF/NIF do beneficiario.

3.7. Cando as actuacións teñan a consideración de edificación e requiran proxecto segundo a normativa aplicable (Lei 38/1999, de ordenación da edificación), achegarase o proxecto de execución asinado polo técnico competente e visado no colexio correspondente para a súa avaliación.

3.8. De ser o caso, polas características da actuación, achegarase licenza urbanística que posibilite a execución do investimento subvencionable. O dito documento é preceptivo, non se procederá ao pagamento de ningunha anualidade mentres non se presente.

3.9. Acta de manifestacións, en escritura pública, onde se recollan os compromisos a que se fai referencia no artigo 4º. Este documento será obrigatorio presentalo coa primeira solicitude de pagamento.

3.10. Antes do derradeiro aboamento, os beneficiarios deberán achegar, xunto co resto da documentación, declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

3.11. Cando se solicite o pagamento da anualidade do 2006 ou do 2007, ademais da presentación da documentación indicada no punto 3 deste artigo, tamén deberán concorrer as seguintes circunstancias e condicións a que fai referencia o artigo 16.2º do Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Deberá solicitalo o interesado.

b) Deberá xustificarse non só o investimento senón os pagamentos efectuados na mesma proporción que represente o pagamento parcial respecto á subvención concedida ata ese momento con cargo ao proceso de investimento aprobado.

c) O importe que se poida satisfacer por pagamentos parciais non poderá exceder en ningún caso da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario nin tampouco superar o 80% do total da subvención concedida.

d) Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva da subvención.

3.12. En calquera caso, os pagamentos parciais teranse que garantir conforme o determinado no artigo 17 do anteriormente sinalado Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

A garantía ou aval deberá cubrir o importe dos anticipos ou pagamentos fraccionados xunto cos xuros destes calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e polo prazo que medie entre a data da solicitude do pagamento e como mínimo aquela en que se cumpran dous meses da do remate do prazo de xustificación previsto na norma reguladora ou convocatoria.

Unha vez comprobada a realización da actividade ou proxecto para o que se concedeu a subvención, as garantías serán liberadas.

Se a documentación non reúne os requisitos necesarios, concederase un prazo de dez días para cumprilos segundo o establecido no artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, procedendo a declarar decaídos no seu dereito os interesados que non cumpran o disposto neste artigo logo de resolución ditada para o efecto.

#### *Disposición derradeira*

En todo o non recollido nesta orde aplicarase o disposto, para esta materia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e as súas disposicións de desenvolvemento, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e demais normativa que resulte de aplicación.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2006.

Fernando X. Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
 E INDUSTRIA

*ANEXO I*

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓNS A EMPRESAS TURÍSTICAS PARA O FOMENTO DO TURISMO NO MEDIO RURAL</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>IN983E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

APELIDOS / RAZÓN SOCIAL	NOME	NIF / CIF
ENDEREZO	MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL
ACTUANDO NO SEU NOME E REPRESENTACIÓN <sup>1</sup>		NIF
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS (INDIQUESE ENDEREZO COMPLETO CON C. POSTAL E MUNICIPIO)	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO E/OU FAX
PERSOA DE CONTACTO EN CASO DE AUSENCIA DO SOLICITANTE	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO E/OU FAX

**LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO**

MUNICIPIO/PROVINCIA	DESCRICIÓN DO PROXECTO														
<table border="0" style="width: 100%;"> <tr> <td style="width: 50%; text-align: center;"><b>CUSTO DO INVESTIMENTO</b></td> <td style="width: 50%; text-align: center;"><b>FINANCIAMENTO DO PROXECTO</b></td> </tr> <tr> <td>Investimento subvencionable _____ €</td> <td>Recursos propios _____ €</td> </tr> <tr> <td>_____ €</td> <td>Préstamos _____ €</td> </tr> <tr> <td>_____ €</td> <td>Préstamos Pemes _____ €</td> </tr> <tr> <td>Importe neto _____ €</td> <td>Outras subvencións _____ €</td> </tr> <tr> <td>Imposto-taxas _____ €</td> <td><b>TOTAL</b> _____ €</td> </tr> <tr> <td><b>TOTAL*</b> _____ €</td> <td></td> </tr> </table>		<b>CUSTO DO INVESTIMENTO</b>	<b>FINANCIAMENTO DO PROXECTO</b>	Investimento subvencionable _____ €	Recursos propios _____ €	_____ €	Préstamos _____ €	_____ €	Préstamos Pemes _____ €	Importe neto _____ €	Outras subvencións _____ €	Imposto-taxas _____ €	<b>TOTAL</b> _____ €	<b>TOTAL*</b> _____ €	
<b>CUSTO DO INVESTIMENTO</b>	<b>FINANCIAMENTO DO PROXECTO</b>														
Investimento subvencionable _____ €	Recursos propios _____ €														
_____ €	Préstamos _____ €														
_____ €	Préstamos Pemes _____ €														
Importe neto _____ €	Outras subvencións _____ €														
Imposto-taxas _____ €	<b>TOTAL</b> _____ €														
<b>TOTAL*</b> _____ €															

**EXPÓN:**

Que, vista a orde de subvencións publicada no DOG nº \_\_, do \_\_\_\_\_ de 200\_\_, e considerando reunir os requisitos exixidos de conformidade coa memoria e demais documentación que se presenta e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, e coa finalidade de emprender o proxecto de \_\_\_\_\_,

**SOLICITA:**

Unha axuda para completar o financiamento do sinalado proxecto.

<sup>1</sup> Neste caso débese actuar no procedemento consonte o artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das admóns. públicas e PAC.

<sup>1</sup> Tense que poñer o obxecto do investimento, segundo o proxecto presentado.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 27 de xullo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a empresas turísticas para o fomento do turismo no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL   de de

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE / /
	DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

Director xeral de Turismo  
 Consellería de Innovación e Industria

## ANEXO II

## SOLICITUDE DE COBRAMENTO DE SUBVENCIÓN

BENEFICIARIO		NIF / CIF		EXPEDIENTE Nº	
INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE APROBADO		SUBVENCIÓN CONCEDIDA		INVESTIMENTO XUSTIFICADO	
ANO 2006	_____ €	ANO 2006	_____ €	ANO 2006	_____ €
ANO 2007	_____ €	ANO 2007	_____ €	ANO 2007	_____ €
<b>TOTAL</b>	_____ €	<b>TOTAL</b>	_____ €	<b>TOTAL</b>	_____ €

Don/Dona \_\_\_\_\_, en nome e representación de \_\_\_\_\_, titular do expediente de referencia, promovido ao abeiro da orde da Consellería de de Innovación e Industria do \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200\_\_.

**EXPÓN:**

Que no período comprendido entre o \_\_\_\_\_ e o \_\_\_\_\_, executouse o investimento relativo a \_\_\_\_\_, na súa fase \_\_\_\_\_, que comprende os conceptos e importes aprobados como subvencionables, para o investimento de referencia, por resolución do conselleiro de Innovación e Industria do \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / 200 \_\_, por un importe de \_\_\_\_\_ €.

Que para a tramitación da proposta de pagamento da fase \_\_\_\_\_ da subvención concedida, consonte o sinalado no artigo 7º da antedita orde, achégase, por triplicado exemplar, a seguinte documentación:

FACTURAS. XUSTIFICANTES DE PAGAMENTO DO INVESTIMENTO EXECUTADO.

CERTIFICADO DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COAS FACENDAS DO ESTADO E DA COMUNIDADE AUTÓNOMA E NAS OBRIGAS COA SEGURIDADE SOCIAL.

DE SER O CASO. LICENZA URBANÍSTICA QUE POSIBILITASE A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO SUBVENCIONADO.

ACTA DE MANIFESTACIÓNS. EN ESCRITURA PÚBLICA. ONDE SE RECOLLAN A OBRIGAS AOS QUE SE FAI REFERENCIA NO ARTIGO 4º.

ANTES DO DERRADEIRO ABOAMENTO. DECLARACIÓN DE CONXUNTO DAS AXUDAS SOLICITADAS. TANTO APROBADAS OU CONCEDIDAS COMO AS PENDENTES DE RESOLUCIÓN. PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DESTA ORDE, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES.

GARANTÍA OU AVAL E XUSTIFICANTES DE PAGAMENTO SEGUNDO O ESTABLECIDO NO DECRETO 287/2000, DO 21 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE DESENVOLVE O RÉXIME DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PÚBLICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

**SOLICITA:**

Que se lle liquide a \_\_\_\_\_ titular do expediente de referencia a subvención concedida polo importe de \_\_\_\_\_ € e que se corresponden á execución da \_\_\_\_\_ fase do investimento aprobado e que representa o \_\_\_\_\_ % do investimento subvencionable que se xustifica.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
O titular da subvención

Don/Dona \_\_\_\_\_

Director xeral de Turismo  
Consellería de Innovación e Industria

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

*Corrección de erros.-Resolución do 7 de xullo de 2006, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fan públicas as listas definitivas para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal laboral dos servizos de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e de Persoal do Plan Infoga, reguladas no Decreto 37/2006.*

Advertidos erros na Resolución do 7 de xullo de 2006, da Dirección Xeral da Función Pública (pu-

blicada no DOG do 18 de xullo), pola que se fan públicas as listas definitivas para a cobertura con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal laboral dos servizos de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e de Persoal do Plan Infoga, cómpre facer as seguintes correccións:

1º No anexo I, relaciónanse aqueles solicitantes que figuraban como excluídos na Resolución do 7 de xullo de 2006, e que pasan a integrarse na listaxe de admitidos, con indicación da súa puntuación, así como aqueles solicitantes aos que se lles modifica a súa causa de exclusión, indicándose esta.

2º No anexo II, relaciónanse os solicitantes que non figuraban na listaxe de admitidos nin de excluídos na Resolución do 7 de xullo de 2006, indi-